

RESOLUCIÓN REITORAL DO 18/12/2023 POLA QUE SE ENCARGA Á FUNDACIÓN CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS DE GALICIA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS NO PROXECTO INTERREG POCTEP 0064_GRESINT_1_E

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A Fundación Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns de Galicia (en adiante FCITICG) ven encargándose da xestión técnica, económica e administrativa de programas de xestión baixo encargo da Universidade da Coruña (en adiante, UDC), contando cunha axeitada estrutura organizativa, capacidade de escalado do seu servizo e o coñecemento especializado requirido.

SEGUNDO. A FCITICG, dende a súa creación, ven desenvolvendo iniciativas e acumulando experiencia con entidades públicas e privadas, a nivel autonómico, estatal e europeo, tendo a capacidade e os recursos axeitados para impulsar a transferencia de coñecemento da UDC, e apoiar a xestión dos grupos e servizos da UDC.

TERCEIRO. Segundo o artigo sete bis dos Estatutos da FCITICG, establécese que a FCITICG é un medio propio instrumental e servizo técnico da UDC e das súas entidades instrumentais, considerándose a relación da FCITICG coa UDC, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado, e articulándose a través de encargos, de conformidade co previsto na Lei de contratos do sector público (LCSP).

CUARTO. O Comité de Xestión do Programa de Cooperación Interreg IV A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), na súa reunión do 28/09/2023 en Conil de la Frontera (España), acordou a concesión dunha axuda FEDER de 590.658,50 euros ao proxecto 0064_GRESINT_1_E, presentado á Terceira convocatoria, do cal a Universidade da Coruña é Beneficiario.

QUINTO. Que no formulario de Candidatura, establécese a contratación das actividades de apoio nos inicios do diagnóstico nos procesos das plantas de residuos e avaliación previa sobre a tipoloxía de sensores precisos para o deseño piloto.

SEXTO. Polo dito anteriormente, a UDC pode encargar á FCITICG a xestión económica de proxectos de investigación, cursos, cátedras institucionais ou outras actividades, para o cal se require o establecemento dun axeitado marco da actuación conforme ao seguinte,

ENCARGO DE XESTIÓN

PRIMEIRA. O presente encargo baséase no artigo 32 da LCSP tendo, polo tanto, un carácter obrigatorio para a FCITICG, quen deberá aceptala e executala conforme ás instrucións técnicas e académicas dadas pola UDC, para a interpretación dos traballos encomendados e o seguimento destes.

SEGUNDA. O encargo comprenderá a realización dos seguintes servizos, para os cales poderanse realizar contratacións laborais:

1. Apoio nos inicios do diagnóstico dos procesos das plantas de residuos.
2. Avaliación previa sobre a tipoloxía de sensores precisos para o deseño do piloto.

Código Seguro De Verificación	y+RermNA60eqZKfMAIFXKA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	18/12/2023 13:30:27
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/y+RermNA60eqZKfMAIFXKA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



CUARTA. Para o financiamento das tarefas indicadas na cláusula terceira, a UDC transferirá un importe de 7.877 €, consignado na aplicación 05.08.28.01.51. 541A. 649.02.

Consonte a Lei 28/2014, que modifica a Lei 37/1992 do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) as contías derivadas dos encargos realizados de conformidade co disposto na LCSP non están suxeitas ao imposto sobre o valor engadido (IVE)

SEXTA. Para a xustificación dos servizos encomendados, a FCITICG informará á UDC do desenvolvemento das accións recollidas na cláusula terceira.

SÉTIMA. Nas súas actuacións xerais, organizativas e de apoio que permita o desenvolvemento da presente encomenda, a FCITICG empregará a lingua galega e poderá contar co asesoramento lingüístico do Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

OITAVA. En ningún caso a realización da encomenda suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral do persoal da FCITICG coa UDC.

NOVENA. É responsabilidade da FCITICG fornecer cantos medios humanos e materiais fosen precisos para a realización dos traballos, incluída a infraestrutura asignada pola UDC á FCITICG.

DÉCIMA. A UDC poderá realizar os labores de inspección, comprobación ou seguimento que considere oportuno sobre á realización dos traballos da encomenda.

UNDÉCIMA. O presente encargo de xestión estará vixente dende o momento de sinatura dixital ata o 31 de xaneiro de 2024, e deberá cumprir cos seguintes prazos:

- A FCITICG deberá entregarlle toda a documentación que se lle solicite á UDC antes do 31 de xaneiro de 2024. No caso de que a xustificación das actuacións obxecto deste encargo non se fixesen a satisfacción da UDC, a FCITICG procederá a reintegrar o importe adiantado conforme co establecido na cláusula cuarta.
- Antes do 29 de febreiro de 2024, a petición da UDC, a FCITICG presentará unha memoria xustificativa das diferentes actuacións onde se prestou servizo.

DUODÉCIMA. Corresponde á UDC, a través da Secretaría Xeral, a interpretación do presente encargo, así como resolver as posibles discrepancias que puidesen xurdir na súa execución.

Por todo o indicado, a Reitoría da UDC


RESOLVE

PRIMEIRO. Encargar á FCITICG as actuacións referidas na cláusula segunda nas condicións que se indican neste encargo.

SEGUNDO. O orzamento para ditas actuacións ascende á cantidade de SETE MIL OITOCENTOS SETENTA E SETE EUROS (7.877€). Este importe non está suxeito a IVE e financiarase con cargo á partida orzamentaria que se detalla a continuación: 05.08.28.01.51. 541A. 649.02.

O reitor da Universidade da Coruña

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	y+RermNA60eqZKfMAIFXKA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	18/12/2023 13:30:27	
Observacións		Páxina	2/2	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/y+RermNA60eqZKfMAIFXKA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			